FONDO SOCIAL EUROPEO

CIM santiago

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Igualdade

CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Igualdade,
Desenvolvemento Económico
e Turismo

MEMORIA

CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES
SANTIAGO DE COMPOSTELA
ANO 2016

Ficha técnica

Localización					
Denominación	C.I.M DE SANTIAGO DE COMPOSTELA				
Titularidade	MUNICIPAL	Dependencia (alcaldía, concellería...)	Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo		
Enderezo	RÚA DE ISAAC DÍAZ PARDO, Nº2-4			**C.P.**	15705
Localidade	SANTIAGO DE COMPOSTELA		**Provincia**	A CORUÑA	
Teléfonos	981- 542465		**Fax**	981- 542469	
Correo electrónico	cim@santiagodecompostela.org				
Área de influencia	SANTIAGO				
Ano de inicio de actividade	2005				
Períodos interrupción	NINGÚN				

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias/os	DE LUNS A VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horario de asesoramento xurídico (previa Cita)	MARTES E VENRES DE 8.00 A 15:00 HORAS
Días e horario de atención psicolóxica (previa Cita)	LUNS E MÉRCORES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horarios de atención social (previa Cita)	LUNS E MÉRCORES DE 8.00 A 15:00 HORAS

Persoal			
Asesora Xurídica Persoal Laboral Fixo	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2016.	**Directora**	NON
Psicóloga Funcionaria Interina	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2016.	**Directora**	NON

Outro persoal do CIM	**Cat. profesional/tipo contrato/salario bruto mensual**
-Directora. Licenciada en Dereito. (Funcionaria de carreira). -Traballadora social. Axente de Igualdade. (Laboral fixo).	Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude da subvención convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade, ao abeiro da Resolución do 1 de setembro de 2016. DOG nº168 do luns 5 de setembro de 2016.

Orzamentos		
Custo anual (€)	**Financiamento propio (€)**	**Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)**
Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude da subvención convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade, ao abeiro da Resolución do 1 de setembro de 2016. DOG nº168 do luns 5 de setembro de 2016.		Para o programa CIM o Concello non recibe máis axuda que a proporcionada a través da convocatoria anual de subvencións da Secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS pola Concellaría de Igualdade- CIM.

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER": GALADAS, MAPA FEMINISTA DE COMPOSTELA, LITERARIAS, CAMIÑOS DA AUGA, VIDA PROPIA E PREMIO XOHANA TORRES.
Lugar e datas de realización	MES DE MARZO E ABRIL DE 2016

Núm. de participantes

PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO EN XERAL

Descrición do contido da actividade

GALADAS.

CO FIN DE FESTEXAR O DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES E DE PRESENTAR A CAMPAÑA COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES, O DÍA 5 DE MARZO ÁS 21:00H TIVO LUGAR NA SALA CAPITOL UN ESPECTÁCULO MULTIDISCIPLINAR, DIRIXIDO POR MERCEDES PEÓN E PROTAGONIZADO POR DIFERENTES MULLERES DE DIVERSAS DISCIPLINAS ARTÍSTICAS: JANET NOVÁS, MÓNICA DE NUT, LUCÍA ALDAO, YOLANDA CASTAÑO, ANA GARCÍA E O BROCHE FINAL DAS TOCADORAS DE TOUTÓN. UN ESPECTÁCULO APOIADO NA INTERVENCIÓN SONORA E VISUAL MEDIANTE DANZA, VÍDEO E PERFORMANCE.

MAPA FEMINISTA DE COMPOSTELA.

CO OBXECTIVO DE IMPULSAR A CREACIÓN DA MARCA COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES CREOUSE UN MAPA QUE SERVEU PARA, POR UNHA BANDA, POÑER EN VALOR OS LUGARES E ESPAZOS QUE TEÑEN RELEVANCIA NO RELATO HISTÓRICO DAS MULLERES DA CIDADE E, POR OUTRA, APOIAR E PROMOVER AOS AXENTES SOCIAIS E ECONÓMICOS QUE ESTÁN APOSTANDO POR MEDIDAS QUE FACILITEN A VIDA DAS MULLERES, ATENDAN AS SÚAS NECESIDADES PRÁCTICAS, RECOÑEZAN O SEU PAPEL HISTÓRICO E/OU PROMOVAN OS SEUS INTERESES ESTRATÉXICOS. COMEZOUSE POR ABRIR O PROCESO AO SECTOR DA HOSTALERÍA E O TURISMO DE COMPOSTELA.

LITERARIAS.

A TRAVÉS DESTA INICIATIVA CONVIDOUSE ÁS LIBRARÍAS E EDITORIAIS DE COMPOSTELA A QUE SE IMPLICASEN NA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO. CONCRETAMENTE, DESTACANDO NOS SEUS ESCAPARATES, ZONAS VISIBLES, TENDAS EN LIÑA, REDES SOCIAIS E PÁXINAS WEB, ESCOLMAS DE LIBROS ESCRITOS POR MULLERES E/OU DE PENSAMENTO FEMINISTA. TRÁTOUSE DE POÑER EN VALOR A ESCRITURA DE AUTORAS (A TRAVÉS DA POESÍA, A LITERATURA, O TEATRO, O ENSAIO, A BANDA DESEÑADA ETC.) QUE FOMENTE OS DEREITOS DAS MULLERES, VISIBILICE A LOITA FEMINISTA E PERMITA OLLAR MÁIS ALÓ DOS ESTEREOTIPOS SEXISTAS. (Do 1 AO 10 DE MARZO).

CAMIÑOS DA AUGA.

A AUGA OCUPOU GRAN PARTE DO LABOR FEMININO EN COMPOSTELA ATÉ BEN ENTRADO O SÉCULO XX. ASÍ, CARREXADORAS E LAVANDEIRAS ENCHERON A CIDADE DE VIDA E DE TRABALLO DURANTE MOITO TEMPO. A TRAVÉS DESTA ACTIVIDADE, REALIZARÓNSE UNS PASEOS POR ALGUNHAS FONTES E LAVADOIROS EMBLEMÁTICOS DE COMPOSTELA E ACHEGÁRONSE Á HISTORIA DAS MULLERES E AO SEU LABOR COTIÁN. O PASEO DAS FONTES REALIZARONSE O 13 DE MARZO ÁS 10:30H E O DOS LAVADOIROS O 17 DE ABRIL ÁS 10:30H. ÁMBOLOS DOUS PASEOS FORON GUIADOS POLA PALABRA DE ENCARNA OTERO.

VIDA PROPIA.

ESTA ACTIVIDADE CONSISTEU NO DESENVOLVEMENTO DE DIVERSOS OBRADOIROS DIRIXIDOS A MELLORAR A POSICIÓN SOCIAL DAS MULLERES DE COMPOSTELA QUE VIVEN EN CONTORNAS RURAIS. A TRAVÉS DO PROGRAMA VIDA PROPIA PRETÉNDEUSE CREAR, ENTRE AS MULLERES, ESPAZOS DE ENCONTRO QUE SERVIRAN PARA REFLEXIONAR SOBRE O SEU PAPEL NA SOCIEDADE E AS SÚAS ACHEGAS, DESENVOLVER ESTRATEXIAS PARA AUMENTAR A SÚA CAPACIDADE DE DECISIÓN EN DIFERENTES ÁMBITOS E, EN DEFINITIVA, VALORAR A VIDA PROPIA. ESTES OBRADOIROS DESENVOLVÉRONSE NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS DE ENFESTA, MARROZOS E VILLESTRO DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL.

PREMIO XOHANA TORRES.

O 8 DE MARZO ABRIUSE O PRAZO DE CONVOCATORIA DO I PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE A MEMORIA HISTÓRICA DAS MULLERES DE COMPOSTELA. TRÁTASE DA RECUPERACIÓN DUN PREMIO, INTERROMPIDO NO ANO 2012, CUXOS CASE 20 ANOS DE VIXENCIA O CONVERTERON NUN SÍMBOLO DA CIDADE.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

CUMPRIUSE O OBXETIVO PRETENDIDO POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURÍSMO DO CONCELLO DE SANTIAGO, QUE CONSISTÍA EN VISIBILIZAR O LABOR DAS MULLERES E POR DE RELEVO A CADA VEZ MAIOR PRESENZA FEMININA EN PROL DA CIDADANIA.

do público asistente

BOA ACOLLIDA POR PARTE DO PÚBLICO PARTICIPANTE E MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

Custo global da actividade:	46.476, 24€ TODOS OS ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER".

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS pola Concellaría de Igualdade- CIM.

Identificación da actividade	XORNADA DE PRESENTACIÓN Á CIDADANÍA E DIFUSIÓN NAS REDES SOCIAIS DO PROXECTO "COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES".
Lugar e datas de realización	XORNADA DE PRESENTACIÓN Á CIDADANÍA :MUSEO DO POBO GALEGO. MARTES DÍA 7 DE XUÑO. DINAMIZACIÓN DO PROXECTO COMPOSTELA TERRITORIO DAS MULLERES: DURANTE O ANO 2016
Núm. de horas	XORNADA DE PRESENTACIÓN Á CIDADANÍA: 2 HORAS DINAMIZACIÓN DO PROXECTO COMPOSTELA TERRITORIO DAS MULLERES: DURANTE O ANO 2016

Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO CONVIDADO. XORNADA DE PRESENTACIÓN Á CIDADANÍA: 100 PERSOAS

Descrición do contido da actividade

A CAMPAÑA COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES, IMPULSADA POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO CONSTOU DE VARIOS PROXECTOS QUE SE VEÑERON DESENVOLVENDO DESDE O MES DE FEBREIRO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA E CUXOS PRINCIPAIS OBXECTIVOS SON: VISIBILIZAR AS ACHEGAS DAS MULLERES EN DIFERENTES ÁMBITOS E IMPLICAR Á CIDADANÍA NA CONSTRUCIÓN DUN MODELO DE CIDADE MÁIS AMIGABLE PARA/COAS MULLERES.

SEGUINDO AS DINÁMICAS DE TRABALLO EMPREGADAS POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO DO CONCELLO DE SANTIAGO DESDE O SEU DESEÑO E CREACIÓN, COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES É UNHA ACCIÓN DESEÑADA DESDE UNHA PERSPECTIVA TRANSVERSAL E COMUNITARIA, BUSCANDO A IMPLICACIÓN DE DIFERENTES DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS E AXENTES SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DA CIDADE.

COMO CONSECUENCIA DE TODOS ISO, ORGANIZOUSE UNHA XORNADA DE PRESENTACIÓN Á CIDADANÍA E DIFUSIÓN NAS REDES SOCIAIS DO PROXECTO "COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES". O ESPAZO ELIXIDO PARA O CITADO EVENTO FOI O MUSEO DE POBO GALEGO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

O OBXECTIVO DESTE PROXECTO FOI, POR UNHA BANDA, HABILITAR UN ESPAZO DE CONFLUENCIA (HTTP://TM.SANTIAGODECOMPOSTELA.GAL) PARA OS RECURSOS QUE ESTÁN TRABALLANDO A PROL DA IGUALDADE DE XÉNERO NA CIDADE, EN DIFERENTES ÁMBITOS, QUE LLES DEA MAIOR VISIBILIDADE E ACCESIBILIDADE E, POR OUTRA, IMPLICAR AOS AXENTES SOCIAIS E AO SECTOR ECONÓMICO CO FIN DE CREAR UN MAPA DE RECURSOS, LUGARES E EQUIPAMENTOS QUE AXUDEN A CONSTRUÍR UNHA CIDADE IGUALITARIA E AMIGABLE COAS MULLERES. AO MESMO TEMPO, O MAPA SERVIRÁ PARA EXPLORAR UNHA DIMENSIÓN TURÍSTICA ORIENTADA A FACER DE COMPOSTELA UNHA CIDADE WOMEN FRIENDLY, CUXO SELO AXUDARÁ NA CONSOLIDACIÓN DA CAPITAL GALEGA COMO DESTINO TURÍSTICO. DENDE A ENTIDADE ORGANIZADORA VALÓRASE POSITIVAMENTE A EVOLUCIÓN DO PROXECTO.

do público asistente

BOA ACOLLIDA POR PARTE DA CIDADANÍA PARTICIPANTE E MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

Custo global da actividade:	XORNADA PRESENTACIÓN 6.013,70 € + MANTEMENTO E DINAMIZACIÓN DO PROXECTO COMPOSTELA TERRITORIO DAS MULLERES 16.335,00 €. TOTAL: 22.348,70 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS pola Concellaría de Igualdade- CIM.

Identificación da actividade	CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES A PROL DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.
Lugar e datas de realización	SUBVENCIÓN ANUAL. BOP Nº 165 DE MÉRCORES 31 DE AGOSTO DE 2016.
Núm. de horas	
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS.

Descrición do contido da actividade

CONVOCATORIA ANUAL DE CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLAS ASOCIACIÓNS.

O OBXETIVO É FAVORECER O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DESTES COLECTIVOS, PROMOVER A SUA PARTICIPACIÓN ACTIVA EN TÓDOLOS ÁMBITOS E CONTRIBUIR A FACER EFECTIVA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

ADXÚNTANSE BASES DA CONVOCATORIA E PUBLICACIÓN NO BOP.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

TODOS OS PROXECTOS VALORADOS COMA SUBVENCIONABLES ATÓPANSE PREVISTOS NA BASE 4 DA CONVOCATORIA E CUMPREN COS CONTIDOS DO DERRADEIRO PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO E, EN ESPECIAL, OS RELATIVOS Á ESFERA SOCIOCOMUNITARIA, QUE TEN COMO OBXECTIVO XERAL FAVORECER A INTRODUCIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE EN TODAS AS ÁREAS DE DESENVOLVEMENTO DA VIDA CIDADÁ (EDUCACIÓN E FORMACIÓN, CULTURA, DEPORTE, SAÚDE, ASOCIACIONISMO...) ESTIMULANDO A PARTICIPACIÓN PLENA DE MULLERES E HOMES E IMPULSANDO O LABOR DAS ENTIDADES E ASOCIACIÓNS, POLO QUE A COMISIÓN, CONSONTE OS CRITERIOS DE CONCESIÓN PREVISTOS NA BASE 10 E OS ESPECÍFICOS ADOPTADOS POR UNANIMIDADE, ACORDOU OUTORGAR AS PUNTUACIÓNS E IMPORTES DE SUBVENCIÓN QUE SE RECOLLEN NA TÁBOA DE RESOLUCIÓN. TENDO EN CONTA QUE A PUNTUACIÓN MÁXIMA QUE SE PODERÍA OBTER CONSONTE OS DITOS CRITERIOS DE CONCESIÓN É DE 11 PUNTOS, E NINGUNHA DAS SOLICITUDES ACADOU DITA PUNTUACIÓN, A COMISIÓN CONSIDEROU OUTORGAR O 100% DA CONTÍA A AQUELA SOLICITUDE QUE OBTIVERA A MÁXIMA PUNTUACIÓN, NESTE CASO 7,54 PUNTOS, ESTABLECENDO AS PORCENTAXES E IMPORTES DE CONCESIÓN PARA O RESTO DE SOLICITUDES QUE OBTEÑAN UNHA PUNTUACIÓN INFERIOR, EN FUNCIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA POR CADA UNHA DELAS E DE XEITO PROPORCIONAL A DITA PUNTUACIÓN MÁXIMA (7,54 PUNTOS) ATA ESGOTAR O CRÉDITO DISPOÑIBLE. QUEDANDO SEN SER OBXECTO DE BENEFICIARIAS ALGUNHAS ENTIDADES POR TERSE ESGOTADO O CRÉDITO.

do público asistente

VALORACIÓN POSITIVAS POR PARTE DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

ESTE ANO BENEFICIÁRONSE DESTA SUBVENCIÓN QUINCE ENTIDADES.

Custo global da actividade:	20.000,00 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS pola Concellaría de Igualdade- CIM.

Identificación da actividade	DESEÑO DO OBSERVATORIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA.
Datas de realización	DO 1 DE MARZO AO 30 DE OUTUBRO DE 2016
Núm. de horas	100 HORAS.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Descrición do contido da actividade

OS OBSERVATORIOS DE XÉNERO E IGUALDADE XORDEN NO MARCO DA ESTRATEXIA DE *MAINSTREAMING DE XÉNERO* QUE IMPULSAN AS NACIÓNS UNIDAS EN PRIMEIRA INSTANCIA E A UNIÓN EUROPEA EN SEGUNDA. NUN PRIMEIRO MOMENTO A SÚA FUNCIÓN FOI RECOMPILAR DATOS CUANTITATIVOS SOBRE A SITUACIÓN DAS MULLERES (ESTATÍSTICAS DESAGREGADAS POR SEXO) PARA LOGRAR UN COÑECEMENTO FIABLE SOBRE AS DIFERENZAS REAIS ENTRE HOMES E MULLERES. MÁIS ADIANTE OS SEUS OBXECTIVOS AMPLIÁRONSE AO RECOÑECERSE DESDE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E O ÁMBITO ACADÉMICO QUE A INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA NON ERA SUFICIENTE. DESDE ENTÓN, CONVERTÉRONSE EN INSTRUMENTOS DE PRIMEIRA MAGNITUDE PARA MEDIR A SITUACIÓN OBXECTIVA DE DESIGUALDADE DAS MULLERES QUE INCLÚEN, ADEMAIS DOS DATOS CUANTITATIVOS, A INVESTIGACIÓN CUALITATIVA E O ANÁLISE, A REFLEXIÓN E MESMO A ELABORACIÓN DE PROPOSTAS PARA REDUCIR AS DESIGUALDADES.

O DESEÑO DO OBSERVATORIO DE XÉNERO E IGUALDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, IMPULSADO POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO, TIVO TRES PRINCIPIOS XERAIS PARA A SÚA CONSTRUCIÓN BÁSICA, CO OBXECTIVO DE GARANTIR A MAIOR EFICACIA E RESULTADOS POSITIVOS PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

- DIAGNÓSE:

ANALIZAR OS DATOS DE QUE SE DISPÓN ACTUALMENTE EN RELACIÓN ÁS MULLERES RESIDENTES NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA REFERENTES AOS DISTINTOS ÁMBITOS PÚBLICOS E PRIVADOS.
ANALIZAR OS INSTRUMENTOS ACTUAIS PARA MEDIR O IMPACTO DE XÉNERO DAS INTERVENCIÓNS DAS POLÍTICAS PÚBLICAS.
CONTRASTAR COAS PROPIAS PROTAGONISTAS (A PARTIR DUN PROCESO PARTICIPATIVO CON PERSOAS EXPERTAS E GRUPOS DE MULLERES) OS DATOS E COÑECEMENTOS QUE CONSIDERAN NECESARIOS PARA UNHA APROXIMACIÓN REAL ÁS SÚAS NECESIDADES XERAIS E COTIÁS.

- DESEÑO DO OBSERVATORIO:

ANALIZAR AS ESTRUTURAS E CONTIDOS DE OBSERVATORIOS DE XÉNERO DE ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL Á VEZ QUE SE IDENTIFICAN BOAS E INNOVADORAS PRÁCTICAS E EXPERIENCIAS DE TRABALLO
DESEÑAR OS APARTADOS TEMÁTICOS QUE CONFIGUREN O NOVO OBSERVATORIO
ELABORAR OS INDICADORES QUE CORRESPONDAN A CADA UNHA DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO, TANTO CUANTITATIVOS COMO CUALITATIVOS

- PROPOSTAS DE FUTURO:

PROPOÑER NOVAS INVESTIGACIÓNS E ACTUACIÓNS A PARTIR DOS RESULTADOS DOS DIFERENTES INSTRUMENTOS DE DIAGNÓSTICO.
PROPOÑER OS INSTRUMENTOS NECESARIOS PARA GARANTIR A EFICACIA DO OBSERVATORIO (INTERDEPARTAMENTALIDADE, ESTABILIDADE, COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN, ETC.)
PROPOÑER MECANISMOS PARA O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN DO OBSERVATORIO DE MANEIRA QUE MANTEÑA UN ADECUADO NIVEL DE PROXIMIDADE Á CIDADANÍA, AXILIDADE E INNOVACIÓN.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

CUMPRÍUSE O OBXECTIVO XERAL DÉ DESEÑAR UN OBSERVATORIO DE IGUALDADE PARA A SÚA APLICACIÓN NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO INSTRUMENTO PRIVILEXIADO QUE MEDIRA A SITUACIÓN OBXECTIVA DAS MULLERES EN TODOS OS ÁMBITOS E PROMOVERA A ERRADICACIÓN DE POSIBLES DESIGUALDADES E A ELABORACIÓN DE PROPOSTAS DE CAMBIO SOCIAL.

do público asistente

AMPLA PRESENZA E APORTACIÓNS NAS MESAS PARTICIPATIVAS POR PARTE DAS ENTIDADES E ORGANISMOS DO MUNICIPIO. VALORACIÓN POSITIVA.

Custo global da actividade:	20.328,00 € (SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA).

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS pola Concellaría de Igualdade- CIM.

Identificación da actividade	ELABORACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
Datas de realización	DO 1 DE XULLO AO 30 DE DECEMBRO DE 2016.
Núm. de horas	150 HORAS.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Descrición do contido da actividade

A ELABORACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE COMPOSTELA, TIVO COMO OBXECTIVO ORIENTAR AS POLÍTICAS PÚBLICAS MUNICIPAIS NA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES.
O DESEÑO DO IV PLAN DE IGUALDADE TIVO COMO BASE, AS NECESIDADES DAS MULLERES COMPOSTELÁS. A TAL EFECTO TIVOSE EN CONTA O ESTUDO REALIZADO NO 2015 DE DIAGNOSE DAS DESIGUALDADES DE XÉNERO, XA QUE NEL SE RECOLLEU UNHA RADIOGRAFÍA ACTUALIZADA DAS CARENCIAS, BARREIRAS E TAMÉN DAS DEMANDAS QUE SE MANIFESTARON ENTRE AS COMPOSTELÁS. O PLAN DESEÑOUSE CONTANDO COAS CONCLUSIÓNS DE DITA DIAGNOSE, QUE RECOLLEU, TANTO A DIMENSIÓN TÉCNICA ANALIZADA COMO AS REFLEXIÓNS XERADAS NOS SEUS ESPAZOS DE PARTICIPACIÓN.
O IV PLAN DE IGUALDADE RECOLLEU OS OBXECTIVOS DE CAMBIO SOCIAL QUE RESULTAN PRIORITARIOS E ESTRATÉXICOS, AS ACTUACIÓNS CONCRETAS, IDENTIFICAR OS INDICADORES DE SEGUIMENTO E ÁS PERSOAS RESPONSABLES, ASÍ COMO UN CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE ORIENTARÁ A POLÍTICA MUNICIPAL NA PROMOCIÓN DA IGUALDADE.
NA ELABORACIÓN DO PLAN ESTABLECÉRONSE ESPAZOS DE TRABALLO E PARTICIPACIÓN QUE ASEGURARON A PRESENZA DE COLECTIVOS PROFESIONAIS, TÉCNICOS E SOCIAIS NA CONFIGURACIÓN DAS ACTUACIÓNS. PARA DEFINIR AS ESTRATEXIAS E ACCIÓNS QUE CONFIGURARON O PLAN FOI NECESARIO ESTABLECER ESPAZOS DE ENCONTRO ENTRE AXENTES.
COORDINACIÓN E SEGUIMENTO.-O IV PLAN DE IGUALDADE CONTARÁ, AO TEMPO, CON DOUS ESPAZOS DE COORDINACIÓN DO PROCESO:

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN: AO LONGO DO PROCESO E CONFORMADA POLA ÁREA DE IGUALDADE E O EQUIPO TÉCNICO.
- CONSELLO INSTITUCIONAL: DOTANDO AO PLAN DUNHA PERSPECTIVA TRANSVERSAL E FACENDO UN SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA SÚA POSTA EN MARCHA.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

VALORACIÓN POSITIVA, TENDO EN CONTA QUE DITO PLAN RESPONDE Á NECESIDADE DE ABRIR UN PROCESO DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA QUE ORIENTE, A MEDIO PRAZO, A ACTUACIÓN MUNICIPAL DESDE A IMPLICACIÓN DOS DIFERENTES ACTORES, A NIVEL POLÍTICO E TÉCNICO, ASÍ COMO DAS ENTIDADES E COLECTIVOS SOCIAIS, E CIDADANÍA EN XERAL, NA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS MULLERES EN TERMOS DE IGUALDADE.

do público asistente

A ELABORACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE EN COMPOSTELA, REALIZOUSE BAIXO O DESENVOLVEMENTO DUN PROCESO PARTICIPATIVO QUE AGLUTINOU A DIVERSIDADE DE AXENTES E ENTIDADES SOCIAIS, COLECTIVOS PROFESIONAIS E PERSOAL TÉCNICO MUNICIPAL CO OBXECTIVO DE IMPLICALOS NO DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS QUE NEL SE RECOLLEN. AMPLA PRESENZA E APORTACIÓNS NAS MESAS PARTICIPATIVAS POR PARTE DAS ENTIDADES E ORGANISMOS DO MUNICIPIO. VALORACIÓN POSITIVA.

Custo global da actividade:	20.570,00 € (ELABORACIÓN IV PLAN) + 1.692,20€ (ACTUACIÓN MUSICAL E CATTERING DE CLAUSURA DAS MESAS)+ 591, 55€ (PEQUENAS PÍLULAS FORMATIVAS EN CLAVE DE XÉNERO REALIZADAS AO PERSOAL PARTICIPANTE NA NESA ADM. LOCAL DO CONCELLO). TOTAL: 22.853,75 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS pola Concellaría de Igualdade- CIM.

Identificación da actividade	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN DE LINGUAXE NON SEXISTA.
Lugar e datas de realización	AGOSTO 2016.
Núm. de horas	20 HORAS.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	FUNCIONARIADO DO CONCELLO DE SANTIAGO.
Descrición do contido da actividade	
A LINGUAXE NON É NEUTRA, É O PRODUTO DUNHA SOCIEDADE, REFLICTE OS MODOS DE PENSAR E TEN UNHA REPERCUSIÓN NA PERCEPCIÓN QUE TEÑEN AS PERSOAS DA REALIDADE QUE AS ENVOLVE. DESDE SEMPRE SE UTILIZOU O MASCULINO COMO REFERENTE DA HUMANIDADE E A LINGUA É UN VEHÍCULO QUE PERPETÚA ESE PRINCIPIO. AS PALABRAS MASCULINAS EMPRÉGANSE PARA SINALAR COLECTIVOS QUE ENGLOBAN TANTO MULLERES COMO HOMES. ISTO SUPÓN A INVISIBILIZACIÓN DO 50% DA POBOACIÓN A CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO TIVO COMO OBXECTIVO PROMOVER A INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO EN TODOS OS PROCESOS QUE TEÑAN A SÚA ORIXE NO CONCELLO. PARA ISO ELABOROUSE UNHA GUÍA QUE CONTÉN UNHA SERIE DE RECOMENDACIÓNS SOBRE A LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA E NON SEXISTA, COA FINALIDADE DE UTILIZALAS NAS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO NAS PUBLICACIÓNS, ANUNCIOS E ESCRITOS. COMO CONSECUENCIA DE TODOS ISO, ORGANIZOUSE UNHA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN DE LINGUAXE NON SEXISTA, PARA O QUE PRECÍSOU DUNHA IMAXE E A SÚA ADAPTACIÓN A SOPORTES PARA A SÚA DIFUSIÓN TANTO DENTRO DAS OFICINAS DO PROPIO CONCELLO COMO AO EXTERIOR: IMPRESIÓN IMAXE EN ALFOMBRILLA PARA RATO DE ORDENADOR.	
Valoración da actividade desenvolvida	
da entidade organizadora	
VALORACIÓN POSITIVA POR PARTE DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE-CIM XA QUE EMPREGAR NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS UNHA LINGUAXE SEXISTA E DISCRIMINATORIA PARA O COLECTIVO FEMININO, SUPÓN A FIXACIÓN DE BARREIRAS INVISIBLES QUE AFECTAN DIRECTAMENTE AO PROCESO DE PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NA SOCIEDADE ACTUAL.	
DO PÚBLICO ASISTENTE	
BOA ACOLLIDA POR PARTE DO FUCIONARIADO DO CONCELLO E MEDIOS DE COMUNICACIÓN.	
Custo global da actividade:	3.339,60€

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. Campaña *25 N. Compostela en Negro.*
Lugar e datas de realización	COMERCIOS DE SANTIAGO 18 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2016.
Núm. de horas	250

Núm. de participantes

PÚBLICO OBXECTIVO	SECTORES DO COMERCIO, TURISMO, EMPRESAS DA CIDADE E CIDADANÍA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

A CAMPAÑA XURDE DUNHA NECESIDADE DETECTADA POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO DE VISIBILIZAR E DENUNCIAR AS VIOLENCIAS DE XÉNERO QUE PADECEN MOITAS MULLERES NA SÚA VIDA COTIÁ, NA ESCOLA, NO TRABALLO, PERO PRINCIPALMENTE NO FOGAR. UN 63% DAS MULLERES ASASINADAS NA ÚLTIMA DÉCADA ESTABAN EN SITUACIÓN DE CONVIVENCIA CO SEU AGRESOR. O FEITO DE MOBILIZAR AOS SECTORES DO COMERCIO, O TURISMO E DAS EMPRESAS DA CIDADE SUPUXO UN FACTOR IMPORTANTE DE PARTICIPACIÓN SOCIAL. PROCUROUSE UN EFECTO CONTAXIO ENTRE OS ESTABLECEMENTOS E EMPRESAS, DE XEITO QUE SE SUMASE DE FORMA VOLUNTARIA O MAIOR NÚMERO POSIBLE.
POR OUTRA BANDA, A CAMPAÑA TIVO COMO PIAR FUNDAMENTAL A COLABORACIÓN E A COORDINACIÓN ENTRE DIFERENTES ÁREAS MUNICIPAIS. AÍNDA QUE O AXENTE MOTOR PRINCIPAL FOI O DEPARTAMENTO DE IGUALDADE, AS ÁREAS DE COMERCIO E DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E A ÁREA DE TURISMO DADO O SEU TRABALLO COTIÁN CON ESTES SECTORES, O SEU COÑECEMENTO E A DISPOÑIBILIDADE DE DATOS, TAMÉN FORON UNS AXENTES MOTORES. ADEMAIS, A CONCELLARÍA DE MOCIDADE, DEPORTE E BENESTAR ANIMAL E A CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN FORON AXENTES COLABORADORES, AO IGUAL QUE A COLABORACIÓN DE 25 PERSOAS VOLUNTARIAS DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO DA USC..

A CAMPAÑA TIVO DOUS NIVEIS DE ACTUACIÓN:

- EN COMPOSTELA: CONVIDOUSE AO TECIDO COMERCIAL, AO SECTOR HOSTALEIRO E AO SECTOR EMPRESARIAL A QUE FOSEN OS PROTAGONISTAS E VESTIRAN A CIDADE DE NEGRO EN SINAL DE DOR E REPULSA POLA VIOLENCIA DE XÉNERO. XUNTO Á IMAXE EN NEGRO DOS ESCAPARATES E ESTABLECEMENTOS, TRABALLOUSE TAMÉN CONTIDOS QUE INCIDIRAN NA VISIBILIZACIÓN E NA DENUNCIA DE TODAS AS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES A TRAVÉS DE CARTELERÍA, IMAXES E ATREZZO. O OBXECTIVO FOI QUE 600 ESTABLECEMENTOS COMPOSTELÁNS SE ADHIRAN A ESTA CAMPAÑA E SE TINGUIRAN DE NEGRO. TAMÉN FOI PARTE DA CAMPAÑA O USO DE VARIAS TRASEIRAS DE BUSES URBANOS, A COLOCACIÓN DE CARTELERÍA EN VARIOS MUPIS E A INSTALACIÓN DE FAIXAS CON MENSAXES DE DENUNCIA NO ESTADIO MUNICIPAL DE SAN LÁZARO E NO MULTIUSOS FONTES DO SAR.
- TRABALLO EN REDE CON OUTROS CONCELLOS GALEGOS: OUTROS CONCELLOS GALEGOS ESTIVERON TRABALLANDO NUNHA PROPOSTA SIMILAR A ESTA, E A TRAVÉS DO TRABALLO EN REDE BUSCOUSE ARTELLAR UNHA CAMPAÑA GLOBAL PENSADA DESDE O ÁMBITO LOCAL QUE TERÁ COMO OBXECTIVO TINGUIR DE NEGRO O MAPA GALEGO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

CUMPRÍRONSE OS OBXECTIVOS PROGRAMADOS PARA ESTA CAMPAÑA. DITOS OBXECTIVOS FORON OS SEGUINTES:

- AUMENTAR A CONCIENCIACIÓN SOCIAL SOBRE A PROBLEMÁTICA DA VIOLENCIA DE XÉNERO
- IMPLICAR Á CIDADANÍA E AOS AXENTES SOCIAIS, CULTURAIS E ECONÓMICOS DO MUNICIPIO NUNHA RESPOSTA COLECTIVA DE REPULSA DA VIOLENCIA DE XÉNERO
- IDENTIFICAR, TRANSMITIR E POÑER O FOCO EN DETERMINADOS COMPORTAMENTOS E EXPRESIÓNS VERBAIS VENCELLADAS Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

DENDE ESTE PLANTEXAMENTO FAISE UNHA VALORACIÓN POSITIVA DENDE A ENTIDADE ORGANIZADORA.

do público asistente

ALTO GRAO DE VALORACIÓN POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS E DAS ENTIDADES COLABORADORAS.

Custo global da actividade:	45.700,00 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS pola Concellaría de Igualdade- CIM

Identificación da actividade	TALLER "NOVAS MASCULINIDADES".
Lugar e datas de realización	CENTRO SOCIAL "O MATADOIRO". SÁBADO 3 E O DOMINGO 4 DE DECEMBRO 2016, DE 10:00 A 14:00 E DE 16:00 A 20:00 HORAS.
Núm. de horas	16 HORAS

Núm. de participantes

HOMES	15										
por idade	<18:		18-30:		30-40:	5	40-50:	10	> 50:		
PÚBLICO OBXECTIVO	HOMES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.										

Descrición do contido da actividade

O OBXECTIVO FUNDAMENTAL DESTA ACTIVIDADE FOI MELLORAR O AUTOCOÑECEMENTO PERSOAL, POÑENDO NO CENTRO OS COIDADOS PROPIOS COMO PUNTO DE PARTIDA PARA MELLORAR AS NOSAS RELACIÓNS COAS DEMAIS PERSOAS. OS CORPOS DOS HOMES, ATRAVESADOS POLA MASCULINIDADE DOMINANTE, SON FOGARES EXCESIVAMENTE RÍXIDOS ONDE CALQUERA TIPO DE MEDO OU FRUSTRACIÓN É FACILMENTE EXPRESADO CON VIOLENCIA.

APRENDER A RECOÑECER ESTAS TENSIÓNS, TOMANDO CONSCIENCIA DOS CORPOS, AXUDA A RELAXAR, A REDUCIR O ESTRÉS E A AGRESIVIDADE. É UNHA VÍA DE APERTURA DOS CORPOS CARA O BO TRATO CON ELES MESMOS COMO BASE ONDE IMPULSAR PARA ESTENDER O TRATO EN POSITIVO CO RESTO DA XENTE. UNHA CULTURA DE PAZ QUE AXUDE A DESTERRAR A VIOLENCIA, EN PARTICULAR A DE XÉNERO.
A METODOLOXÍA DE TRABALLO PARTEU DUNHA PRÁCTICA PRECISA E SINXELA QUE COMBINOU DIFERENTES TÉCNICAS DE TRABALLO CORPORAL: ESTIRAMENTOS, TRABALLO RESPIRATORIO E DE CONSCIENCIA CORPORAL. A METODOLOXÍA ADÁPTOUSE AO RITMO DA PERSOA.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

ESTA É A PRIMEIRA DAS ACTIVIDADES QUE IMPULSA A CONCELLARÍA DE IGUALDADE-CIM DESTINADA AO COLECTIVO MASCULINO E QUE PON DE RELEVANCIA A IMPORTANCIA DO PAPEL QUE OS HOMES PODEN XOGAR PARA CONSTRUÍR UN FUTURO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES. ESTA MOTIVACIÓN, TAL E COMO SINALA O DOCUMENTO ELABORADO POLA ONU EN 2008 SOBRE O PAPEL DOS HOMES E OS NENOS NO LOGRO DA IGUALDADE, PROVÉN DE DIVERSAS FONTES; POR EXEMPLO, DAS RELACIÓNS DOS HOMES COAS MULLERES, DA PREOCUPACIÓN POLO SEU PROPIO BENESTAR PERSOAL OU DAS SÚAS FAMILIAS. É POR ISTO QUE A CONCELLARÍA DE IGUALDADE ABRE ESTA CANLE DE PARTICIPACIÓN CONFIANDO EN QUE ESTAS ACCIÓNS CONTRIBÚAN A ABRIR CAMIÑOS QUE NOS LEVEN A UNHA SOCIEDADE MÁIS XUSTA E IGUALITARIA ENTRE MULLERES E HOMES.

do público asistente

BOA ACOLLIDOA POR PARTE DOS PARTICIPANTES.

Custo global da actividade:	1.548,80 €

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDA A CREACIÓN DUN CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER) EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2004 E O 19 DE MAIO DE 2005 OBTÉN A ACREDITACIÓN COMO TAL. DESTA FORMA INTEGRASE NA REDE DE CIMS E REGÚLASE O SEU FUNCIONAMENTO POLO DECRETO 182/2004, DO 22 DE XULLO.
O CONCELLO DE SANTIAGO, SEN EMBARGO XA VIÑA REALIZANDO FUNCIÓNS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E DE LOITA CONTRA A DESIGUALDADE DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA MULLER DENDE O ANO 1992.

A TRAVÉS DO C.I.M. PRETÉNDESE:

- DETECTAR AS CAUSAS REAIS DA DESIGUALDADE E LOITAR EFICAZMENTE CONTRA ELAS, PROMOVENDO A IGUALDADE DA MULLER E MELLORANDO A SÚA CONDICIÓN NO ÁMBITO PERSOAL, LABORAL, FAMILIAR, DE SAÚDE, EDUCACIÓN, CULTURA, ETC.
- PREVIR E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, XA QUE ESTA É O RESULTADO MÁIS TRÁXICO DA DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.
- POTENCIAR A INFORMACIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES, COMO: PRESTACIÓNS, PROGRAMAS, XESTIÓNS, CURSOS DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL, ETC, ONDE UNHA ASESORA XURÍDICA, UNHA PSICÓLOGA E UNHA TRABALLADORA SOCIAL ASISTEN E ASESORAN ÁS DEMANDAS DAS MULLERES DESTE CONCELLO.

O C.I.M DESENVOLVE DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS: ASISTENCIAIS E COMUNITARIAS.

AS ACTUACIÓNS ASISTENCIAIS CONSISTEN EN: A ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA E CONFIDENCIAL DAS MULLERES A TRAVÉS DA ASESORA XURÍDICA, PSICÓLOGA E TRABALLADORA SOCIAL, NA QUE SE REALIZA UNHA ATENCIÓN XURÍDICA, ASISTENCIA PSICOLÓXICA E ATENCIÓN SOCIAL. ESTA ATENCIÓN COMPLEMÉNTASE CO RESTO DO EQUIPO DE PERSOAL DA CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE: TRABALLADORAS SOCIAIS, EDUCADORAS FAMILIARES, UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD) E UNIDADE DE ATENCIÓN ÁS MIGRACIÓNS (UAMI).

AS ACTUACIÓNS COMUNITARIAS PRETENDEN: PROMOVER A PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DA POBOACIÓN FEMININA DESTE CONCELLO A TRAVÉS DE CHARLAS, CONFERENCIAS, CURSOS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, PREMIOS; CO FIN

DE DIFUNDIR E SENSIBILIZAR Á POBOACIÓN EN XERAL DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

TENDO EN CONTA QUE O CIM, CRÉASE CO PROPÓSITO DE ATENDER AS DEMANDAS DA POBOACIÓN E, EN CONCRETO, PARA ARTICULAR OS MECANISMOS NECESARIOS PARA FACER VALER OS DEREITOS DAS MULLERES E IMPLICAR Á COMUNIDADE, NO SEU CONXUNTO, NA CONSECUCIÓN DA REFERIDA IGUALDADE.

EN ARAS DE LEVAR A CABO E CUMPRIR CO OBXECTIVOS DA SÚA CREACIÓN, O CIM ADEMAIS DOS PROGRAMAS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EXPLICADOS E QUE TEÑEN UN CARÁCTER ESTABLE; PUXO EN MARCHA DIVERSOS SERVIZOS PROPIOS, CON UN CARÁCTER TAMÉN ESTABLE; E QUE EXPLICAREMOS A CONTINUACIÓN:

- SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
- PROGRAMA VAGALUME: PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR".

SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

O CONCELLO DE SANTIAGO A TRAVÉS DO CIM, SOLICITOU A ADHESIÓN DESTA CORPORACIÓN AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓVIL PARA VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2005.

DESCRIPCIÓN DO SERVIZO:

ESTE PROGRAMA OFRECE ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE CONTE CON ORDEN DE PROTECCIÓN UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E A DISTANCIA.

O SERVIZO SE BASA NA UTILIZACIÓN DAS TECNOLOGÍAS DE COMUNICACIÓN TELEFÓNICA MÓVIL E DE TELELOCALIZACIÓN.

O OBXECTIVO PRIMORDIAL DO SERVIZO

- GARANTIR UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E ADECUADA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.

CARACTERÍSTICAS DOS TERMINAIS

OS TERMINAIS DE USUARIA PERMITEN:

- A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA USUARIA
- A COMUNICACIÓN TELEFÓNICA DE VOZ (VIA GSM)

O NÚMERO DE TERMINAIS ACTIVOS A DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2016 ASCENDE A 11.

SERVIZO SEN CUSTO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCÉSANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA VAGALUME: "ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN".

NO ANO 2008 ASINÓUSE O PRIMEIRO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CARÁCTER ANUAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR" DENTRO DO PROGRAMA VAGALUME.

DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

O PROGRAMA VAGALUME – CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO, PRETENDE, CO PROXECTO "ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN", ACOMPAÑAR ÁS PARTICIPANTES NOS SEUS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL QUE TEÑEN COMO OBXECTIVO LOGRAR O SEU EMPODERAMENTO PERSOAL, SOCIAL, FAMILIAR E LABORAL.

O PROXECTO PROGRAMA OFRECE RESPOSTA ÁS MULLERES QUE VIVINDO OU TENDO VIVIDO EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN, PASAN POR UNHAS ESPECIAIS DIFICULTADES OU, POR UNHA SITUACIÓN DE RISCO, QUE IMPIDEN A SÚA AUTONOMÍA, REQUIRINDO DUNHA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA E DUN ALOXAMENTO SEGURO. DESTE XEITO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA INTÉGRASE DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

AS BENEFICIARIAS DO PROXECTO SON MULLERES (ASÍ COMO OS SEUS FILLOS/AS MENORES QUE CONVIVAN CON ELAS E SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL).

OBXECTIVOS:

DENDE O ÁMBITO PERSOAL: FACILITAR UNHA VIVENDA TEMPORAL E APOIO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL OU MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE, A TRAVÉS DO PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR", QUE SE INTEGRA, DESTE XEITO DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

DENDE O ÁMBITO FAMILIAR: FACILITAR UNHA RELACIÓN DIRECTA ENTRE O CENTRO DA MULLER E O CENTRO DE NENOS E NENAS, E CREAR UN ESPAZO ONDE OS RAPACES E RAPAZAS RECIBAN APOIO E ORIENTACIÓN EN TODO O REFERENTE ÁS PAUTAS FAMILIARES.

DENDE O ÁMBITO FORMATIVO: TRATARASE DE QUE AS MULLERES ADQUIRAN COÑECEMENTOS CULTURAIS SUFICIENTES PARA DESENVOLVERSE NA SOCIEDADE DE MANEIRA AUTÓNOMA, TAMÉN PROMOVERASE O COÑECEMENTO DE VALORES, DE OUTRAS REALIDADES CULTURAIS, E DE OUTRAS PERSOAS, PALIANDO ASÍ A SITUACIÓN DE ILLAMENTO.

DENDE O ÁMBITO XURÍDICO: TRATARASE DE ORIENTALAS EN CADA DEMANDA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN, PROMOVENDO A INFORMACIÓN DOS SEUS DEREITOS E OBRIGAS ASÍ COMO O ACCESO AOS DIFERENTES RECURSOS DA COMUNIDADE.

DENDE O ÁMBITO LABORAL: TRATARASE DE POÑER EN CONTACTO A CADA MULLER CUNHA OFERTA DE TRABALLO, TRATANDO DE PROMOVER A SÚA AUTONOMÍA E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

DENDE O ÁMBITO ECONÓMICO: O OBXETIVO É REDUCIR O IMPACTO DAS CARENCIAS ÁS QUE AS MULLERES VENSE SOMETIDAS.

PARA O CUMPRIMENTO DESTES FINS, REALIZARANSE AS SEGUINTES ACTIVIDADES:

ACOLLIDA TEMPORAL EN VIVENDA DE EMERXENCIA: PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓNS DE ESPECIAL VULNERABILIDADE.

DE CARÁCTER PERSOAL: ENTREVISTAS DE ACOLLIDA, DE INFORMACIÓN E PACTO E DE PRESENTACIÓN DO CENTRO

DE CARÁCTER PSICOLÓXICO EMOCIONAL: ATENCIÓN PSICOLÓXICA INDIVIDUAL E TALLERES GRUPAIS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL.

DE INTERVENCIÓN FAMILIAR: INTERVENCIÓN FAMILIAR INDIVIDUAL E ESCOLA DE NAIS.

DE CARÁCTER FORMATIVO: ALFABETIZACIÓN, FORMACIÓN E CULTURA XERAL, INFORMÁTICA, VISITAS CULTURAIS, FORMACIÓN EN IGUALDADE, EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, EDUCACIÓN EN VALORES, TALLERES PRELABORAIS E MÓDULOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL.

DE CARÁCTER SOCIAL/ XURÍDICO: ATENCIÓN PRIMARIA E DERIVACIÓN, NO SEU CASO; ORIENTACIÓN SOCIAL E INFORMACIÓN DE RECURSOS E ORIENTACIÓN XURÍDICA.

DE MEDIACIÓN LABORAL: CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

DE SENSIBILIZACIÓN: CHARLAS, REUNIÓNS, MESAS REDONDAS, DANDO A COÑECER A PROBLEMÁTICA DAS MULLERES PARTICIPANTES.

IMPORTE ECONÓMICO DO CONVENIO NO ANO 2016: 30.000,00 €.

4.SUXESTIÓNS.

DENDE O CIM OBSÉRVASE A NECESIDADE DE QUE TODA A FORMACIÓN QUE SE OFERTA AO PERSOAL DOS CIM DENDE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE SE LEVE A CABO A TRAVÉS DUN PLANO DE FORMACIÓN ANUAL, PAUTADO A INICIOS DE ANO, PARA QUE DITA FORMACIÓN NON SE REDUZA COMO BEN SENDO HABITUAL AO ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO , SENDO DITA FORMACIÓN ADEMÁIS INSUFICIENTE.

TAMEN SE OBSERVA A NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS DESTINADOS A COORDINAR E OPTIMIZAR AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO E REUNIÓNS INTERDISCIPLINAIS ENTRE TODOS/AS OS/AS PROFESIONAIS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE CIMS.

5.RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER DE GALICIA.
- SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO.
- CHUS (COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).
- UNIDADES SAÚDE MENTAL.
- CENTROS DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC).
- INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E BACHARELATO DE SANTIAGO.
- CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTÍL E PRIMARIA DE SANTIAGO.
- XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 3 DE SANTIAGO.
- XULGADOS DO PENAL Nº1 E Nº2 DE SANTIAGO.
- GRUPO DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR DA POLICÍA AUTONÓMICA.
- GARDA CIVIL.
- POLICÍA LOCAL.
- POLICÍA NACIONAL: UFAM.- UPAP (UNIDADE DE PREVENCIÓN, AUXILIO E PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS Á MULLER) E SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA DA POLICÍA XUDICIAL).
- PROXECTO HOME.
- ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.
- CONCELLERÍAS DE SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO.
- COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA.
- ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS/AS DE SANTIAGO.

- COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA.
- COLEXIO DE EDUCADORAS/ES SOCIAIS DE GALICIA.
- SERVIZO DE EXTRANXEIRÍA DA POLICÍA NACIONAL.
- FISCALÍA.
- FUNGA.
- IMELGA.
- EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
- PUNTO DE ENCONTRO (GOF. XUNTA DE GALICIA).
- SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE (VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA).
- CÁRITAS INTERPARROQUIAL.
- CENTRO VAGALUME DE ATENCIÓN Á PROSTITUCIÓN.

6.RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS DESDE A CONCELLARÍA DE IGUALDADE-CIM, FORON DIVULGADAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, REDES SOCIAIS DO PROXECTO "COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES", PRENSA ESCRITA, RADIO E TELEVISIÓN, CARTELERÍA ,CARTAS E EMAILS.

EN PRENSA ESCRITA, OS DIARIOS MÁIS UTILIZADOS SON: "LA VOZ DE GALICIA" E "EL CORREO GALLEGO" .

EN RADIO, AS EMISORAS MÁIS UTILIZADAS SON: "LA CADENA SER", "LA CADENA COPE", "ONDA CERO" E "A RADIO GALEGA".

EN TELEVISIÓN, AS CANLES MÁIS UTILIZADAS SON: "A TVG", "CORREO TELEVISIÓN" E "V TELEVISIÓN".

7.FORMACIÓN.

DIRECTORA

- ☐ Xornada sobre eficiencia e transparencia na contratación pública.Egap. (7 horas).
- ☐ Xornada sobre A saúde en todas as Políticas. O seu desenvolvemento no ámbito local. Concello de Santiago. (8 Horas).
- ☐ III Foro de Educación Emocional e Social. Una Grupo Business Global S.L. (8 Horas).

ASESORA XURÍDICA

- ☐ Community Manager na Administración Pública. Fegamp. (40 horas).

PSICÓLOGA

- ☐ Oportunidades de financiamento comunitario para os entes locais no período 2014-2020: Instrumentos para a xestión eficaz de proxectos europeos. Fegamp. (30 horas).
- ☐ Migración e Asilo no eido local. Fegamp. (30 horas).
- ☐ Xornada Técnica sobre a intervención con menores vítimas de violencia de xénero. SXI (6 horas).
- ☐ Migración e Saúde. Concello de Santiago. (10 horas).
- ☐ III Foro de Educación Emocional e Social. Una Grupo Business Global S.L. (8 Horas).

TRABALLADORA SOCIAL (AXENTE DE IGUALDADE).

- ☐ Oportunidades de financiamento comunitario para os entes locais no período 2014-2020: Instrumentos para a xestión eficaz de proxectos europeos. Fegamp. (30 horas).
- ☐ Migración e Asilo no eido local. Fegamp. (30 horas).
- ☐ A Historia Social Única. Escola Universitaria de Traballo Social. (8 horas).
- ☐ O novo Marco Regulador do Sistema de Protección de Menores. Escola Universitaria de Traballo Social. (8 horas).
- ☐ Coaching para mellorar o rendemento persoal e profesional nas organizacións. Fegamp. (30 horas).
- ☐ Xornada sobre prevención de consumo de drogas en adolescentes. USC. (8 horas).
- ☐ III Foro de Educación Emocional e Social. Una Grupo Business Global S.L. (8 Horas).

8. ANEXOS.

A CONTINUACIÓN ADXÚNTASE REVISTA DE PRENSA E TODO O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIVULGACIÓN E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DEPENDENTE DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURÍSMO.